

DE FEIRA NO MAR

Como sabes, boa parte de Galicia vive, directa ou indirectamente, do mar: amais dos case 26 000 mariñeiros, acuicultores e mariscadores, son moitos os homes e mulleres que traballan nas industrias conserveiras e conxeladoras, nos estaleiros e nas empresas de transformación e distribución de produtos mariños.

A nosa comunidade conta coa frota pesqueira máis importante da Unión Europea, e supón o 40% do total do Estado. Por iso, a elección de Vigo para celebrar CONXEMAR (Feira Internacional de produtos do Mar Conxelados) supuxo un extraordinario recoñecemento para a nosa comunidade.

Conxemar goza do apoio da Asociación Española de Almacenistas, Importadores e Exportadores de Produtos de Pesca e Acuicultura. É unha feira internacional na que se dan a coñecer as novidades en canto a produtos e innovacións tecnolóxicas do sector da pesca conxelada. Nela participan empresarios e profesionais do mar, pero tamén políticos e investigadores.

Dende o ano 1999, véñse celebrando en Vigo anualmente e medra constantemente en visitantes e expositores. Na actualidade ocupa un espazo de máis de 30 000 m² e recibe uns 40 000 visitantes.

LE E CONTESTA

- 1.- Explica a diferenza entre mariñeiros, acuicultores e mariscadores.
- 2.- Busca a palabra frota no dicionario e di a que acepción corresponde no texto.
- 3.- Que é CONXEMAR e onde se celebra? Que significado ten a palabra?
- 4.- Resume nunha oración o contido de cada parágrafo.

